

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Hoxe en día é importante a alfabetización dixital para coñecer as novas tecnoloxías imperantes e manexalas dun xeito seguro. En Tecnoloxía da Información e da Comunicación desenvólvense as competencias precisas para que o alumnado estea preparado na información e comunicación que a sociedade actual demanda. A preparación debe ser de xeito que desenvolva ferramentas dixitais e que as poña en práctica de modo ético, crítico e respectuoso cos demais membros da sociedade. Tamén se desenvolverán técnicas para o manexo seguro dos equipos e dos datos do alumnado nas actividades nas que traballa.

Nesta materia o alumnado adquirirá competencias básicas realizando directamente casos prácticos, documentación, e situacións moi semellantes á vida cotiá.

O alumnado profundizará e fortalecerá técnicas de comunicación audiovisual e competencias en conciencia y expresións culturais así como competencia emprendedora.

Tecnoloxías da información e comunicación, dota ao alumno de destrezas e habilidades moi valoradas na sociedade actual e supón unha perspectiva de futuro de importante aliciente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Documentos de texto.	Cómpre que o alumnado adquira as competencias necesarias para a creación de documentos de texto, necesarios para a produción e deseño de información así como para a súa publicación e difusión, debido a que os medios dixitais están cada vez máis presentes nas nosas vidas e a información se atopa hoxe en día en formato dixital.	9	15	X		
2	Presentacións.	Cómpre que o alumnado adquira as competencias necesarias para a creación e exposición de presentacións dixitais, necesarias para a produción e deseño de información así como para a súa publicación e difusión, debido a que os medios dixitais están cada vez máis presentes nas nosas vidas e a información se atopa hoxe en día en formato dixital.	9	15	X		
3	A folia de cálculo.	É necesario empregar a folia de cálculo para o tratamento e xestión dos datos producidos, no deseño, produción como na difusión e manter a seguridade dos mesmos garantindo o seu almacenamento.	8	15	X		
4	A base de datos.	É necesario o manexo de bases de datos para o tratamento e xestión dos datos producidos, no deseño, produción como na difusión e manter a seguridade dos mesmos garantindo o seu almacenamento.	8	10	X		
5	A imaxe dixital.	Tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	11	15		X	
6	Audio e vídeo.	Tratamento de audio e vídeo. Producións audiovisuais.	11	15		X	
7	Programación.	Diagramas de fluxo e programación de aplicacións. Nesta unidade o alumnado adquirirá coñecementos, habilidades e técnicas de programación desenvolvendo algoritmos que permitan atopar solucións a problemas reais da vida cotiá empregando diagramas de fluxo e linguaxes de programación.	11	15		X	
8	Seguridade.	Prácticas saudables e ameazas. Protección de datos. Lei de propiedade intelectual. A etiqueta dixital. O alumnado empregará os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido,	17	20			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Seguridade.	contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto	17	20			X
9	Proxecto dixital.	Desenvolvemento dun proxecto dixital. Nesta unidade o alumnado poderá seleccionar, usar e combinar distintas aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	16	20			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Documentos de texto.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.2. - Utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Writer, ou web, para crear, editar e expoñer documentos de textos de maneira individual.	Utilizar aplicacións informáticas para crear e editar (formatado) documentos de textos de maneira individual.	PE	50
CA2.1.1. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Writer, ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto de maneira guiada e partindo de explicacións e indicacións dadas na aula, empregando distintos recursos e manuais.	Utilizar aplicacións informáticas para crear e editar (formatado) documentos de texto empregando manuais.	TI	50
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. - Creación e edición de documentos de texto aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.

UD	Título da UD	Duración
2	Presentacións.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.4. - Utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Impress, ou web, como Canva, para crear, editar e expoñer presentacións dixitais de maneira individual.	Utilizar aplicacións informáticas para crear e editar de maneira individual, presentacións dixitais con elementos multimedia e empregando modelos.	PE	50
CA2.1.3. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Impress, ou web, como Canva, para crear, editar e expoñer presentacións dixitais de maneira guiada e partindo de explicacións e indicacións dadas na aula, empregando distintos recursos e manuais.	Utilizar aplicacións informáticas para crear e editar de maneira guiada e empregando manuais, presentacións dixitais con elementos multimedia e empregando modelos.	TI	50
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. - Creación e edición de presentacións dixitais aplicadas á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.

UD	Título da UD	Duración
3	A folla de cálculo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.2. - Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión dunha folla de cálculo de maneira individual..	Utilizar aplicacións para a creación e xestión de follas de cálculo con fórmulas, filtros e gráficos, de maneira individual.	PE	50
CA2.2.1. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Calc, ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo de maneira guiada e partindo de explicacións e indicacións dadas na aula, empregando distintos recursos e manuais.	Utilizar aplicacións para a creación e xestión de follas de cálculo con fórmulas, filtros e gráficos, de maneira guiada e empregando manuais.	TI	50
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos.

UD	Título da UD	Duración
4	A base de datos.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.4. - Utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Base, ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión dunha base de datos de maneira individual.	Utilizar aplicacións informáticas para a creación e xestión dunha base de datos (almacenaxe, consulta e presentación da información) de maneira individual.	PE	50
CA2.2.3. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio, como Base, ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos de maneira guiada e partindo de explicacións e indicacións dadas na aula, empregando distintos recursos e manuais.	Utilizar aplicacións informáticas para a creación e xestión dunha base de datos (almacenaxe, consulta e presentación da información) de maneira guiada e empregando manuais.	TI	50
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información.

UD	Título da UD	Duración
5	A imaxe dixital.	15

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1.1. - Realizar de maneira guiada o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque, a partir de explicacións previas e empregando manuais.	Realizar de maneira guiada retoques fotográficos e montaxes.	TI	100
CA4.1.2. - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque, de maneira individual.	Realizar o tratamento dixital de imaxes (retoques fotográficos) de maneira individual.		
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas.

Contidos	
- Resolución da imaxe e almacenamento.	

UD	Título da UD	Duración
6	Audio e vídeo.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	Utilizar encadramentos e efectos sonoros nas producións audiovisuais.	TI	100
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Colaborar na gravación de pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes, vídeo e son.		
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	Editar pezas audiovisuais creando secuencias de imaxes e integrando o audio.		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Exportar un proxecto audiovisual a un formato axeitado para a súa posterior reprodución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade. - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias. - Raccord e ritmo na edición. - Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa. - Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado. - Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música. - Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia. 	

UD	Título da UD	Duración
7	Programación.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Identificar problemas e resolvelos mediante un algoritmo empregando diagramas de fluxo.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos.	Programar aplicacións para ordenador ou dispositivos móbiles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado. - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. - Utilización de operadores. - Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos. - Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. - Utilización de librerías. - Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles. - Execución, proba, depuración e documentación de programas.

UD	Título da UD	Duración
8	Seguridade.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Identificar ameazas na rede (software malicioso) e propoñer solucións.	TI	100
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Desenvolver un traballo seguro e saudable no uso das TIC.		
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos e a pegada dixital.		
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.	Utilizar recursos dixitais respectando as licenzas e dereitos de autoría.		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Aplicar as normas da etiqueta dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación. - Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede. - Identificación de software malicioso. - Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos. - Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría. - Pegada dixital e protección de datos persoais na rede. - Etiqueta dixital.

UD	Título da UD	Duración
9	Proxecto dixital.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Definir un problema para o desenvolvemento dun proxecto dixital a partir da busca de información contrastada.	TI	100
CA1.2 - Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Diseñar un proxecto dixital que solucione un problema ou cubra unha necesidade.		
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Elaborar a documentación do proxecto dixital.		
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar o proxecto dixital empregando unha terminoloxía axeitada.		
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Xestionar o proxecto de forma creativa buscando solucións innovadoras.		
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Comunicar o proxecto empregando distintas plataformas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Deseño creativo de proxectos.
- Estratexias de procura crítica de información.
- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases.
- Documentación de proxectos.
- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.
- Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Planificarase unha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián, mellorando así no emprego das destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía na elaboración de tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demais aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persoa como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado nalgún dos bloques traballado durante o curso. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poida ter un enfoque máis técnico ou máis artístico e creativo.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula de informática do instituto.
Aula de virtual da materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Software libre instalado nos equipos e aplicacións gratuítas dispoñibles na rede.
Canón retroproxector e EDI (encerado dixital intercativo).

Todas as sesións da materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I terán lugar na aula de informática, onde cada alumno/a dispón dun equipo individual para realizar todas as actividades, proxectos e exames que se van desenvolver ao longo do curso.

Ademais a aula está dotada dun ordenador, pantalla dixital e proxector para as explicacións do profesorado. Para as distintas unidades didácticas empregaremos aplicacións de software libre instaladas nos equipos (Writer, Calc, Impress, Base, Audacity, Gimp...) ou ben aplicacións gratuitas que atoparemos na rede (Tinkercad, ApplInventor, Canva...).

Na aula virtual do centro, na materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación I estarán: todas as unidades didácticas con manuais en pdf cos contidos correspondentes, exercicios, tarefas e proxectos propostos para as distintas unidades, así como enlaces a páxinas web, vídeos ou aplicacións que se empregarán nas distintas unidades. Tamén estarán dispoñibles exercicios de reforzo para todo o alumnado que o precise.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A principio de curso realizarase unha proba práctica no ordenador para saber o nivel do que parte o alumnado e detectar posibles dificultades.

Ao comezo de cada unidade didáctica faranse unha serie de actividades dinámicas e participativas coas que se pretende avaliar os coñecementos previos co obxectivo de detectar carencias e coñecer o punto de partida sobre o tema a desenvolver, adaptando e reprogramando, se fose necesario as tarefas deseñadas. Con estas actividades preténdese incentivar a curiosidade do alumnado pola unidade temática correspondente, implicándoos no seu desenvolvemento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	8	8	11	11	11	17	16	100
Proba escrita	50	50	50	50	0	0	0	0	0	17
Táboa de indicadores	50	50	50	50	100	100	100	100	100	83

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: corrección de tarefas de clase e exames. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores e exames.

Nas unidades 1 á 4 o peso no total en cada unha delas é: 50% proba escrita e 50% táboa de indicadores.

No resto das unidades o peso total corresponde a un 100% táboa de indicadores, mediante exercicios e a elaboración dun proxecto na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria do curso corresponde á media simple das notas das tres avaliacións.

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso: nota obtida na proba obxectiva de recuperación extraordinaria, realizada no ordenador.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba obxectiva de recuperación extraordinaria no ordenador, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente. En caso de que durante o curso viñera alguén de fóra coa materia pendente o proceso a seguir sería o seguinte:

- Creación dun curso na aula virtual co material necesario para aprobar a materia.

- Realización de exercicios (estarán na aula virtual e o alumnado recibirá en papel as indicacións precisas co calendario e secuenciación dos mesmos). A entrega será pola aula virtual e serán valorados polo profesorado cunha puntuación cada un deles entre 0 e 10.

A cualificación da materia será:

- 1ª avaliación: 100% media ponderada das tarefas da 1ª avaliación.
- 2ª avaliación: 100% media ponderada das tarefas da 2ª avaliación.
- 3ª avaliación: 100% media ponderada das tarefas da 3ª avaliación.

Avaliación ordinaria: a media aritmética das notas das tres avaliacións terá que ser igual ou superior a 5 para recuperar a materia pendente.

No caso de que a media aritmética das tres avaliacións sexa

inferior a 5, o alumnado realizará unha proba de recuperación na avaliación extraordinaria. Esta proba cualificarase de 0 a 10 e considerárase superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5. Os exercicios da proba serán semellantes aos traballados durante todo o curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Para acreditar os coñecementos faráselle unha proba trimestral cos coñecementos básicos da materia. Se alcanza unha media ponderada de 5 entre as unidades propostas considerase a materia superada.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade implica que desenvolvamos estratexias que nos permitan a posibilidade de ter diferentes niveis de actuación co noso alumnado no día a día. Por ese motivo, as actuacións previstas nesta programación didáctica, contemplan intervencións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións socioeconómicas e culturais do alumnado, coa finalidade de facilitar o acceso ás aprendizaxes propias desta etapa así como á adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos por parte de todo o alumnado.

Como primeira medida de atención á diversidade faranse unhas enquisas a principio do curso sobre: o interese na materia, os recursos TIC dispoñibles polo alumnado e as súas actitudes cara o pensamento e a aprendizaxe. Ademais disto, farase unha avaliación inicial en cada unidade, ben sexa mediante cuestionarios ben con preguntas na aula relacionadas coa unidade a impartir. Unha vez realizada dita avaliación inicial, e perante as dificultades individuais ou grupais detectadas, poderase adecuar as agrupacións á hora do desenvolvemento dos proxectos e das prácticas en equipo, graduar o nivel de dificultade de ditas actividades e prestar unha atención máis individualizada a aqueles alumnos e alumnas que amosen máis carencias á hora de asimilación de contidos.

Outra medida a tomar é a de propoñer actividades e tarefas nas que o alumnado poderá pór en práctica diversos procesos cognitivos, evitando que as situacións de aprendizaxe se centren no desenvolvemento de só algúns deles permitindo, deste xeito, o axuste destas propostas a diferentes estilos de aprendizaxe. As distintas unidades didácticas desta programación didáctica xa contemplan no seu desenvolvemento actividades complementarias que faciliten tanto o reforzo como a ampliación de contidos.

En liña co anterior, en calquera unidade didáctica as súas diferentes actividades serán flexibles e poderanse enunciar dun xeito ou nun número diferente a cada alumno ou alumna.

Outra medida será a inclusión de actividades e tarefas que requiran a cooperación e o traballo en equipo para a súa realización. A axuda entre iguais permitirá que o alumnado aprenda dos demais estratexias, destrezas e habilidades que contribuirán ao desenvolvemento das súas capacidades e á adquisición das competencias clave.

Tamén se contempla implementar actuacións de acordo coas características individuais do alumnado que contribúan á atención á diversidade e á compensación de desigualdades, facilitando os procesos de detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe tan pronto como se presenten.

Estas actuacións levaranse a cabo a través de medidas de carácter xeral con criterios de flexibilidade organizativa, co obxecto de favorecer a autoestima e expectativas positivas no alumnado e obter o logro dos obxectivos e as competencias clave.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico			X	X			X	
ET.7 - Educación emocional e en valores						X		X
ET.8 - Igualdade de xénero								
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	
ET.10 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable								X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais						X	X	X
ET.12 - Educación para a saúde								X
ET.13 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X

	UD 9
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X
ET.10 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable	X
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X
ET.12 - Educación para a saúde	
ET.13 - Formación estética	X

Observacións:

Comprensión lectora: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballanrase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.	X	X	X

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos.
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifícase a práctica docente tendo en conta os saberes básicos e os criterios de avaliación
Realízanse avaliacións iniciais en cada nova unidade que se imparta
Adóptanse medidas que permitan establecer melloras
Metodoloxía empregada
Relaciónanse os contidos cos proxectos e as actividades propostas cos intereses do alumnado
Supervísanse de forma continua as actividades propostas
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realízase a temporalización tendo en conta as horas asignadas e os recursos dispoñibles
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....

Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Establécense con claridade os criterios de avaliación e estes son coñecidos polo alumnado

Descrición:

Farase en cada trimestre unha valoración dos indicadores de logro e comprobarase que se cumpren os obxectivos propostos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

* Mensualmente: revisarase a temporalización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

* Ao final de cada trimestre: revisarase a temporalización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.

* Ao final do curso: Revisarase a temporalización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do departamento, as cales se terán en conta para a programación do curso seguinte.

9. Outros apartados